



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 29 DE XUÑO DE 2.007

“Na Casa de Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día 29 de xuño de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luis Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, membros que constitúen o Pleno deste Concello na súa totalidade, có obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ó exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN**

Ponse de manifesto aos sr. Concelleiros o acta da sesión plenaria constitutiva celebrada o pasado día 16 de xuño de 2007, e cuxa copia se remitiu adxunta a convocatoria.

Sométese a votación a aprobación do citado acta.

Realizada a votación, o acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2. CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**

Ponse de manifesto os seguintes escritos de constitución dos grupos políticos municipais:

Escrito presentado con data de rexistro de entrada de 18 de xuño de 2007, e número 746, do seguinte teor literal:

*“ESCRITO DE CONSTITUCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR*

*En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,*

*D. José Pardo Lombao.*

*D. José Yebra Amorín.*

*D. Luis Varela Pérez.*

*Dona Pilar Méndez Lombao.*

*D. Serafín Vázquez Arias.*



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

*Dona Sandra Abeledo Sánchez.*

*Concelleiros proclamados Electos pola Xunta Electoral de Zoa de Lugo, con data de 1 de xuño de 2007, e pertencentes á lista electoral correspondente á formación política do Partido Popular, aos efectos do disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, manifestamos:*

*A nosa vontade de constituírnos no Grupo Municipal do Partido Popular no seo da Corporación Municipal do Concello de Outeiro de Rei.*

*Designamos como voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular a don José Pardo Lombao.”*

Escrito presentado con data de rexistro de entrada de 21 de xuño de 2007, e número 827, do seguinte teor literal:

*“Don/a Dulce M<sup>a</sup> Neira Fraga, como concelleiro/a do Bloque Nacionalista Galego electo nas eleccións municipais do 27 de maio de 2007 e de acordo co artigo 24 do Real Decreto 2568-1986, de 28 de novembro, de Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais*

### *COMUNICA:*

*A constitución do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, aos efectos do disposto na lexislación vixente, formado polos concelleiros/as electos que a seguir se indican:*

*Arcadio Lombao Román  
Dulce M<sup>a</sup> Neira Fraga*

*E así mesmo, a designación como Portavoz do Grupo Municipal do BNG:*

*Arcadio Lombao Román*

*E a designación como Portavoz suplente:*

*Dulce M<sup>a</sup> Neira Fraga”*

Escrito presentado con data de rexistro de entrada de 21 de xuño de 2007, e número 819, do seguinte teor literal:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

*“Os abaixo asinantes, concelleiros/as do partido dos Socialistas de Galicia-PSOE no Concello de Outeiro de Rei, comparecen e como mellor en Dereito procedan DIN:*

*Que dacordo co preceptuado nos artigos 74 e 75 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, veñen de constituirse en Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro se Rei.*

*Semade fan constar a súa decisión de designar a Don Miguel Ángel López Varela, como Voceiro municipal e a Dna Victoria Fernández Vigo como voceira suplente do Grupo Municipal Socialista.*

*Por todo o anteriormente exposto, SOLICITAN:*

*Que se teña por presentado este escrito de constitución de grupo político e de designación de voceiros municipais.*

*Asdo.: Miguel Ángel López Varela  
Concelleiro do PsdeG-PSOE*

*Asdo.: Victoria Fernández Vigo  
Concelleira do PsdeG-PSOE*

*Asdo.: José Manuel Carral Méndez  
Concelleiro do PsdeG-PSOE”*

### **3. PÈRIODICIDADE DE SESIÓNS**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación dá lectura, en viva voz, da seguinte proposta da Alcaldía:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBOR A PERIODICIDADE DE SESIÓNS**

Co obxeto de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 210 da Lei 5/1.997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Alcaldía propón ó Pleno Corporativo a adopción do correspondente acordo no senso de que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar con carácter forzoso os derradeiros venres de cada bimestre, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.

De haberse acordado a creación da Xunta de Goberno, a Alcaldía propón que as súas sesións ordinarias sexan celebradas os primeiros e terceiros venres do mes, ás trece horas. Si algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.

Nembargantes, o Pleno acordará o procedente.”



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

A continuación, o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Angel López y Varela, fai uso da palabra, plantexando que, coa finalidade de facilitar a proximidade e asistencia dos veciños do termo municipal as sesións plenarias, as sesións ordinarias deberían celebrarse os sábados, xa que, deste xeito, se celebrarían fora da xornada laboral. Recoñece que as sesións plenarias se colgan na web municipal, pero iso non aporta toda a proximidade posible, que si aporta a asistencia persoal as sesións.

O sr. Arcadio Lombao Román, voceiro do Grupo Municipal do BNG, manifesta a súa conformidade coa proposta presentada, e sinala que o réxime de sesións se mantería igual que na pasada lexislatura.

Resposta o sr. Pardo Lombao á proposta do voceiro do PSdG-PSOE, que as sesións plenarias deben celebrarse cando os servizos administrativos do concello estén en funcionamento, o que non sucede os sábados. Por iso, mantén a súa proposta.

Sométese a votación a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do PSdG-PSOE.

#### **4. CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS DO PLENO**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación dá lectura, en viva voz, da seguinte proposta da Alcaldía:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS DO PLENO**

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal a creación das seguintes comisións:

A *Comisión especial de contas*, ao amparo do disposto no artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte composición e competencias:

A Comisión Especial de Contas, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e cinco vocais: tres pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular, un pertencente ao Grupo Municipal do PSdG-PSOE e outro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.

As competencias propias da Comisión Especial de Contas serán as atribuídas por norma con rango de lei.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

*A Comisión de deslinde co termo municipal de Lugo, ao amparo dos artigos 40 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, coa seguinte composición e competencias:*

A Comisión de deslinde estará integrada por un Presidente; Don José Pardo Lombao, e tres vocais; Dona Pilar Méndez Lombao, Don José Yebra Amorín, e Don Arcadio Lombao Román.

As competencias propias da Comisión de deslinde serán as propias da tramitación do procedemento de deslinde co termo municipal de Lugo.”

Finalizada a lectura da proposta, solicita a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, don Miguel Ángel López y Varela, que expón o seguinte:

En relación á comisión especial de contas, comunica o nomeamento de don José Manuel Carral Méndez como voceiro da comisión en representación do Grupo Municipal do PSdG-PSOE.

En relación á comisión de deslinde, manifesta o seu desacordo coa proposta, en base aos seguintes razoamentos:

- A comisión debe representar a tódolos grupos políticos representados na corporación.
- En caso contrario, debe darse participación aos grupos da corporación con maior representación.
- Por outra banda, a proposta descoñece a conveniencia de que se integre a comisión polos concelleiros con maior coñecemento do entorno a deslindar, e sinala que a concelleira dona Victoria Fernández Vigo, en tanto veciña de unha parroquia colindante con Lugo, debería integrarse na comisión.
- Por último, a proposta descoñece a conveniencia de que se integre a comisión polos concelleiros con maior coñecemento técnico, e sinala que o voceiro do PSdG, en tanto inxenheiro de montes, acredita unha capacitación suficiente para aportar unha correcta interpretación da documentación e planimetría do expediente de deslinde.

Advirte que as circunstancias que deron lugar a anterior composición da comisión de deslinde cambiaron sustancialmente nesta nova lexislatura, e que a nova composición debe adecuarse as novas circunstancias.

Fai uso do seu turno de palabra o sr. Arcadio, quen agradece ao Grupo Municipal do Partido Popular a proposta de participación na comisión, e sinala que sería conveniente que se lle dé participación a tódolos grupos políticos na comisión de



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

deslinde, sen entrar a valorar termos de representatividade, e como sinal de normalidade democrática e diálogo entre forzas políticas.

A continuación, o sr. Pardo Lombao, advirte que a situación non cambiou tanto como pretende o sr. Varela con respecto á lexislatura pasada, xa que o PP revalida a maioría absoluta e as diferencias de sufraxios entre o BNG e o PSOE non son significativas.

Por outra banda, a consideración aos grupos da oposición xa se reflicte ao dar entrada a un concelleiro sen obriga legal. Por outra banda, esta comisión leva funcionando xa un tempo, e se ben cambian necesariamente algúns membros do grupo de goberno, o membro da oposición presente na comisión é o mesmo, polo que non procede renovo.

En relación á titulación do voceiro do Grupo do PSdG, infórmalle que ao Pleno da Corporación se ben como político, non como técnico, e que as labores técnicas derivadas do expediente xa se realizarán polos técnicos do concello. É unha broma que se pretenda obter lexitimación democrática en base a unha titulación.

Sométese a votación a proposta transcrita.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor, tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

### **5. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación dá lectura, en viva voz, da seguinte proposta da Alcaldía:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES  
EN ORGANOS COLEXIADOS**

Co obxecto de dar cumprimento ó disposto no Art. 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1.986, habida conta que este Municipio ostenta representación na Mancomunidade de Municipios da Terra Chá e no Consello Escolar do CEIP Laverde Ruiz de Outeiro de Rei, a Alcaldía propón ó Pleno da Corporación que, para ostentar dita representación nos mesmos, sexan destiñadas as seguintes persoas:

**MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHA:**

D. José Pardo Lombao  
D. Luis Varela Pérez



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

CONSELLO ESCOLAR:

Dona Pilar Méndez Lombao.

Nembargantes, o Pleno acordará o procedente.”

Engade o sr. Alcalde que, como se verá no punto noveno da orde do día, dona Pilar Méndez Lombao asumirá a delegación de cultura e deportes, polo que o presente nomeamento atinxe á súa delegación.

A continuación, pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan facer uso da palabra.

En tanto non se inicia debate, sométese a votación a proposta de nomeamento.

Realizada a votación, a proposta transcrita resulta aprobada con seis votos a favor e cinco abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG e BNG.

### **6. PROPOSTA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación dá lectura, en viva voz, da seguinte proposta da Alcaldía:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 20.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propono ao Pleno da Corporación Municipal:

A creación da Xunta de Goberno Local, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e tres vocais, nomeados libremente polo Alcalde de entre os concelleiros.

A competencia propia da Xunta de Goberno Local é a de asesoramento ao Alcalde da Corporación.

Asemesmo, exercerá as competencias que lle deleguen o Pleno da Corporación e o Alcalde da mesma.”

Rematada a lectura, defende a proposta o sr. Alcalde no feito de que, se ben non existe a obriga legal de constituir Xunta de Goberno Local, xa que a poboación



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

municipal a estes efectos refírese á data de aprobación das últimas cifras oficiais de poboación, a día de hoxe a poboación municipal rebasa os 5000 habitantes, polo que a complexidade da xestión dos asuntos municipais e a propia dinámica do concello esixe a creación de este órgano.

Ademáis de estos aspectos funcionais, resalta o feito de que se dá participación no goberno municipal a maior número de concelleiros, polo que se reforza o principio democrático.

A continuación, pregunta aos voceiros dos grupos políticos se desexan facer uso da palabra.

En tanto non se inicia debate, sométese a votación a proposta de nomeamento.

Realizada a votación, a proposta transcrita resulta aprobada con seis votos a favor e cinco abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG e BNG.

### **7. PROPOSTA DE DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS PLENARIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación dá lectura, en viva voz, da seguinte proposta da Alcaldía:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

De acordo co disposto no Artigo 22 da Lei 7/85, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Alcalde propón ó Pleno da Coporación a delegación na Xunta de Goberno Local, das seguintes competencias plenarias:

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

- As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquer caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.





## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aún non estén previstos nos orzamentos.

- As enaxenacións patrimoniais cando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e as las permutas de bens inmobles.”

Defende a proposta o sr. Alcalde, cos seguintes argumentos:

As delegacións propostas pretenden configurar á Xunta de Goberno Local do Concello de Outeiro de Rei, como un verdadeiro órgano de goberno.

Fai uso da palabra o sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, quen asegura que, dende un punto de vista democrático, non é interesante vaciar de competencias ao Pleno da Corporación. E manifesta que, xa a última refora da lei de réxime local detrae numerosas competencias do Pleno para atribuírlas ao Alcalde, e que non se debe profundizar máis nesta línea.

Resposta o sr. Pardo Lombao que non coincide cos argumentos do voceiro do Grupo Municipal do BNG, xa que, se ben a lei vixente (aprobada baixo o goberno socialista), incide no presidencialismo, está na man do Alcalde o rebaixarse as competencias atribuíndoas a un órgano colexiado como a Xunta de Goberno.

Deste xeito, e como se verá na dación de conta dos decretos da Alcaldía, con data de 26 de xuño delegou numerosas competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local. Coa presente proposta se pretende rematar a configuración da Xunta de Goberno Local coma o órgano de Goberno do concello.

Ademáis, as competencias que se pretenden delegar son competencia puramente executivas, non de control político, e das que se derivan decisións que precisan dun funcionamento diario do órgano competente.

É discutible acordar a creación dunha Xunta de Goberno Local que non teña competencias.

Sométese a votación a proposta transcrita.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor, tres abstencións, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, e dous votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG.

### **8. FIXACIÓN DAS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS, DIETAS KILOMETRAXE OFICIAL E DEDICACIÓN PARCIAL.**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da Corporación dá lectura, en viva voz, da seguinte proposta do Grupo Municipal do Partido Popular:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### “PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN RELACIÓN CO PUNTO OCTAVO DA ORDE DO DÍA DA SESIÓN DE 29 DE XUÑO DE 2.007

O Grupo firmante propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar a indemnización por asistencias a sesións plenarias, fixándoas en 200 euros/sesión e fixando as asistencias as Xuntas de Goberno, Comisións informativas e demais Órganos Colexiados en 80 euros.

Segundo.- Fixar as dietas oficiais da seguinte forma:

-Dieta completa (pernoctando fora do domicilio)	180,00 euros.
-Media dieta (xestións fora do municipio)	100,00 euros
-Indemnizacións por servizos prestados dentro do termo municipal: (Módulo de estimación obxetiva de gastos efectivos):	50,00 euros
-Kilometraxe oficial	0,30 euros / Km.

Terceiro.-

- Asinar dedicación parcial á Alcaldía-Presidencia.
- Fixar a contía da dedicación acordada na cantidade de 2.500, euros netos mensuais, 14 pagas anuais, con efectividade do día de toma de posesión do cargo de Alcalde.”

Engade o sr. Alcalde que a proposta debe entenderse que ten efectos dende a sesión constitutiva.

Fai uso da palabra o sr. Arcadio, que alega:

Non é unha suba importante a proposta, xa que as dietas soben 10 euros e o kilometraxe 0.05 cm de euro.

Na lexislatura anterior propuso baixar as dietas. Catro anos despois, e considerando a suba do IPC, parecen axeitadas as subas propostas.

Propón a fixación dunha asignación aos grupos políticos, tal e como permite a lei de réxime local, que conste de un compoñente fixo, idéntico para tódolos grupos, e outro variable, en función do número de concelleiros de cada grupo.

A proposta consistiría na fixación dun compoñente fixo de 160 euros ao mes por grupo, e outro variable de 30 euros/mes por concelleiro.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Asemade, propondría que se rebaixe a contía das asistencias plenarias aos concelleiros, fixándoas en 100 euros.

A aprobación do conxunto das propostas implicaría un incremento dos custes moderado (duns 3000 euros ao ano), e sería asumible.

No tocante as retribucións do Alcalde, parecen razoables sempre que a dedicación sexa exclusiva, non parcial.

Toma a palabra o sr. Miguel Angel, que manifesta que coincide coa apreciación do voceiro do BNG no que atinxe as retribucións do sr. Alcalde.

A suba das retribucións do Alcalde é superior ao resto das subas propostas, xa que se pasa dos 2300 euros brutos aos 2500 euros netos.

Non obstante, lle parecerían axeitadas as retribucións se a dedicación fose exclusiva, non parcial.

Asemade, respalda a proposta de aprobar unha asignación aos grupos políticos, e de non subir as asistencias ao Pleno.

No referente as dietas, deberían axeitarse ao establecido no Decreto 462/2002, do 24 de maio, equiparándose as contías fixadas para o persoal ao servizo das administracións públicas.

Intervén o sr. Pardo Lombao, que pregunta porqué se plantexa esta proposta no mesmo pleno e non por escrito, como no caso da proposta da Alcaldía.

Asegura que a dedicación proposta é unha dedicación parcial porque non quere converterse nun profesional exclusivo da política, e quere manter outra actividade económica, xa que o exercizo da política é circunstancial.

Por outra banda, pregúntalles aos membros da oposición canto tempo de dedicación require unha dedicación exclusiva.

resposta o voceiro do PSdG que require tódalas horas necesarias.

O sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, asegura que non dubida que lle dedique o tempo necesario. Cónstalle que lle dedica moitas horas. Reivindica a dedicación exclusiva por cuestións formais.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Recorda o sr. Pardo Lombao que o exercizo da política é un paréntesis no tempo (que xa non será breve), e que a súa forma de entender o cargo público non se axeita a idea de convertirse nun profesional da política.

Asegura que lle dedica tódalas horas das que é capaz físicamente. Afirma que o desempeño da Alcaldía esixiría 24 horas ao día, pero 24 horas ninguén as pode adicar.

O sr. López y Varela intervén no debate, afirmando que, se se desenrollan outras actividades, dispónse de menos tempo para o exercizo da Alcaldía.

Rebátelle o sr. Pardo Lombao, asegurando que as actividades privadas cada un lles dedica o tempo que quere, e que a dedicación parcial unicamente se refire á titularidade da actividade, xa que o desenrolo efectivo pode realizarse por membros da familia, por poñer un exemplo.

Ademais, a proposta económica presentada ao Pleno, en comparación coas dos municipios do entorno, e moi razoable, e as subas moderadas.

No que atinxe á dotación económica aos grupos políticos, propón que se asigne 100 euros/mes a cada grupo e 50 euros/mes por cada concelleiro. Oferta aos grupos da oposición aprobar esta proposta previa votación da urxencia, sempre que se aprobe, asemade, a proposta do grupo municipal do PP.

Don Arcadio Lombao Román, voceiro do grupo municipal do BNG, manifesta a súa conformidade sempre que se baixen as asistencias ao Pleno da Corporación.

Infórmalle o sr. Pardo Lombao que, quen ten dedicación non percibe asistencias, polo que debe descartarse o seu interese no asunto, pero asegura que a contía proposta non é excesiva en atención ao traballo de preparación dos plenos para os concelleiros que mostren interese en estudar os puntos da orde do día.

Don Arcadio Lombao dí que, se non se modifican as asistencias, non acepta a proposta.

O sr. López y Varela dí que, se non hai consenso, non acepta a proposta.

O sr. Pardo Lombao recorda aos grupos da oposición que se está a debater a proposta presentada por eles mesmos e, a diferenza da presentada polo grupo municipal do Partido Popular, presentada verbalmente e no mesmo pleno, e que lles ofrece aprobala.

Don Arcadio Lombao dí que podería estar dacordo en todo menos coa dedicación parcial. Se non se troca en dedicación exclusiva é imposible o acordo.

A proposta do sr. Pardo Lombao, sométese a votación a declaración da urxencia da proposta de asignación aos grupos políticos.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Realizada a votación, a proposta resulta rexeitada con seis votos en contra e cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e PSdG-PSOE.

A continuación, retómase a orde do día someténdose a votación a proposta do grupo municipal do Partido Popular, xa transcrita.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada con seis votos a favor, e cinco votos en contra, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE e do Grupo Municipal do BNG.

### **9. DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE ORGANIZACIÓN.**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá lectura, en viva voz, dos seguintes decretos da Alcaldía:

#### “DECRETO DA ALCALDÍA

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Nomear como Tenentes de Alcalde deste Concello de Outeiro de Rei aos seguintes concelleiros:

Como primer Tenente de Alcalde, a don José Yebra Amorín.

Como segundo Tenente de Alcalde, a don Luis Varela Pérez.

Como terceiro Tenente de Alcalde, a don Pilar Méndez Lombao.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 26 de xuño de 2007.

#### DECRETO DA ALCALDÍA

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

Nomear, no caso de que o Pleno da Corporación acorde a creación da Xunta de Goberno Local na sesión a celebrar o vindeiro día 29 de xuño de 2007, como membros integrantes da mesma aos seguintes concelleiros:

Don José Yebra Amorín.

Don Luis Varela Pérez.

Dona Pilar Méndez Lombao.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 26 de xuño de 2007.

### DECRETO DA ALCALDÍA

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Delegar, no caso de que o Pleno da Corporación acorde a creación da Xunta de Goberno Local na sesión a celebrar o vindeiro día 29 de xuño de 2007, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da Alcaldía:

- A disposición de créditos orzamentarios, salvo os de persoal, por contía superior aos 3000 euros, así como a concesión de axudas e subvencións nos termos fixados nas bases de execución do orzamento.

- A perfección e extinción de contratacións e concesións de toda clase de contía superior aos tres mil euros, e sempre e cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do Orzamento nin, en calquer caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.

- A adquisición e enaxenación de bens e dereitos que non sexan de competencia do Pleno da Corporación e sempre que o valor da operación exceda de 3000 euros.

- O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 26 de xuño de 2007.



## CONCELLO DE OUTEIRO DE REI (Lugo)

### DECRETO DA ALCALDÍA

D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:

Delegar as facultades de impulso, supervisión e dirección conferidas á Alcaldía nas materias que se relacionan a continuación, nos seguintes concelleiros:

Mantemento de vías públicas: don José Yebra Amorín.

Agricultura, Gandería e Montes: don Luis Varela Pérez.

Cultura e Deportes: dona Pilar Méndez Lombao.

Medio ambiente e Sostibilidade Ambiental: don Serafín Vázquez Arias.

Servicios Sociais e Igualdade: dona Sandra Abeledo Sánchez

E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 26 de xuño de 2007.”

Finalizada a dación de conta, Pardo explica que, cos acordos de delegación do Pleno e do propio Alcalde na Xunta de Goberno, se configura unha Xunta de Goberno que é un verdadeiro órgano de Goberno municipal, como órgano colexiado que atenúa o carácter presidencialista imposto pola lexislación aprobada baixo o goberno socialista.

E non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia dase por finalizada a sesión, sendo as catorce horas, da que eu Secretario, extendo a presente acta có visto e praxe do Sr. Alcalde.”

Vº e Praxe,  
O Alcalde,